


26^a Festa Carballeira Zas



1 Agosto
2009

- GRUPOS da A.C. CASTRO-MEDA (Zas)
- GRUPO DONAIRE (A Coruña)
- BANDA DE GAITAS MARUXIA (Laxe)
- RUOTE (A Coruña)
- TEJEDOR (Asturias)
- CAPERCAILLIE (Escocia)
- MUTHENROI (Galicia)
- O SONORO MAXIN (Ourense)

www.festadacarballeira.com



FUNDACIÓN CAIXAGALICIA





Sábado a partir das 5 da tarde:

GRUPOS DE BAILE Da a.c CASTRO-MEDA (ZAS)
GRUPO DE BAILE DONAIRE (a CORUÑA)
BANDA DE GAITAS MARUXÍA (Laxe)
GRUPO RUOTE (a CORUÑA)

Sábado partir das 10 da noite:

TEJEDOR (ASTURIAS)
CAPERCAILLIE (ESCOCIA)
MUTHENROI (GALICIA)
O SONORO MAXÍN (GALICIA)

Acceso: 5€, con agasallo de CD conmemorativo do festival con 2 cancións de cada grupo.

Exposición: XXVI Carballeira, do 25 de Xullo ó 1 de Agosto, no Centro de usos múltiples do Concello de Zas.

Máis información en <http://www.festadacarballeira.com>

LIMIA R 09

Un ano máis, os trasnos e fadas da Carballeira de Velar, reuniranse na noite máxica, do primeiro fin de semana de Agosto. Para escoitar, os mellores grupos de música tradicional, que tocarán ó carón do río, na tardiña. E logo pola noite, déixanse enfeitizar pola música folk, dos mellores grupos internacionais.

Para conseguir esta mestura de feitizo, embruxo e troula. Non dubidan en regar as súas gorxas, con brebaxes e pótimas, feitas para a ocasión. Fermentadas durante todo o ano, con paciencia e devoción, con ingredientes seleccionados ó pe do monte Castro. Nesa noite, tornan en máxicos. Facendo, que a ledicia e a troula, flúan pola carballeira, a modo de feitizo. Contaxiando os miles de persoas, que cada ano presencian este acontecemento.

Non se explica doutra forma, que esta festa sexa diferente ás demais. E quen presenciou este acontecemento, sabe do que falamos. E por iso volven cada ano, a chamada dos seres máxicos da Carballeira, para deixarse enfeitizar.

Vén, e enfeitízate.

Organiza: 

GRUPOS DE BAILE DA A.C. CASTRO-MEDA (ZAS)



Formados no 86, na actualidade na escola de baile conta con máis de cincuenta mozos/as do Concello de Zas, sendo o grupo Churía o máis veterano.

O seu traballo céntrase en recoller e difundir os bailes, músicas e vestiduras da zona, como representación dos xeitos de vivir e de diversión dos nosos avós. Acadaron importantes premios en distintos certames e actuaron por toda Galicia, España, Portugal e Arxentina.

GRUPO DE BAILE DONAIRE (a CORUÑA)



A A.C. Donaire nace na Coruña no ano 2000,co obxectivo de recuperar ,promover e difundir a musica e bailes tradicionais galegos.Conta cunha escola con alumnos de todas as idades ,e un grupo de baile e música formado por 40 persoas.ten numerosos

premios nos concursos mais prestixiosos de toda Galicia.Ten publicados dous discos: "Cantos vellos para rapaces novos" (2002), e "Dálle Donaire ao corpo" (2007). O seu obxectivo de promover a tradición galega.

BANDA DE GAITAS MARUXIA (Laxe)



A historia da **BANDA DE GAITAS MARUXIA** comezou o día 9 de Agosto do 1999.

No ano 2005 gravamos o noso primeiro traballo baixo o nome de **O SON DO MAR** nos estudos da Radio Galega

de Santiago.

No ano 2007 gravamos o noso segundo e de momento derradeiro traballo, baixo o nome de **RECORDOS** nos estudos **MANS** de A Coruña e baixo a colaboración da Deputación Provincial e a Fundación Paideia.

actualmente formamos a Banda de Gaitas **MARUXIA** uns 30/35 membros, sentimos moi unidos e comprometidos co noso folclore, e onde nos deixan mostrar o noso traballo, ben sexa no noso país ou fora, alí estamos pasándoo ben e divulgando a nosa cultura e as nosas raíces.

RUOTE

O Colectivo de música tradicional RUOTE nace no ano 1996 partindo da base dun grupo de recolleita etnográfica que leva traballando dende 1991. Formado por seis persoas, amosa un repertorio representativo das

catro provincias galegas, e para elo

emprega variada instrumentación: Gaita, acordeón diatónico, tambor, bombo con pratos, pandeireta e diferentes percusións como ferriños, cunchas, ..., e por suposto voz.

O obxectivo de Ruote é a interpretación fiel das melodías e músicas, e por iso trata de amosalos tal cal os aprenderon dos seus informantes. Leva actuado en moi diversos escearios como festivais de música folk e tradicional, festivais benéficos, concertos didácticos, actuacións en pubs, en distintos medios de comunicación como radio e televisión, etc.

Aínda así, a súa labor máis importante vense realizando como grupo de recolleita, xa que teñen unha ampla experiencia no ámbito do traballo de campo e da divulgación a través de artigos publicados en revistas relacionadas con esta temática, conferencias, e demais.

TEJEDOR



Tejedor está composto por tres irmáns de Avilés, que adicaron as súas vidas á tradición musical asturiana e que agora compoñen os seus propios temas. Eles son José Manuel (gaita asturiana, low whistle e frautas), Javier Tejedor (acordeón diatónico, gaita, percusión e frautas) e Eva Tejedor (percusión tradicional e voz). Ambos irmáns foron

gañadores do prestixioso premio MacCallan de gaita no Festival Intercéltico de Lorient.

Xuntos constitúen unha rica mestura entre a tradición asturiana e novas ideas. A música feita por eles demostra os fortes lazos de unión entre as tradicións célticas e asturianas.

Tejedor tocou nos festivais máis importantes do mundo como Celtic Connections e Piping Live (Escocia), William Kennedy Piping Festival (Irlanda), Festival Interceltique de Lorient (Francia) ou Montreal Celtic Festival (Canada). Músicos como Michael McGoldrick, Duncan Chisholm, Phil Cunningham, James Mackintosh, Faltriqueira, ou Kepa Junkera foron invitados nos seus tres álbums editados ata o momento:

1999 - Texedores de Sueños

2003 - Llnáticos

2006 - Música na Maleta

CAPERCAILLIE



O longo da súa carreira, Capercaillie debuxou a súa traxectoria baseándose en dous grandes piares. O primeiro é a gran variedade e riqueza musical das frautas, whistles, violíns, frautas e gaitas de quen tocou na banda o longo destes anos, sempre liderados

polo acordeonista e tecrista, o fundador da mesma, Donald Shaw. A outra base, é sen dúbida, a beleza da voz da outra parte fundadora de Capercaillie, Karen Matheson. Universalmente recoñecida como unha das mellores cantantes de tódolos tempos, a súa exquisita voz converteuse no centro da banda, traendo ó presente a tradición de máis de 400 anos de cancións gaélicas.



Fixeron historia por ser unha das poucas bandas do seu estilo que leva vendido máis dun millón de discos en todo o mundo. Isto inclúe ter sido 3 veces disco de platino e disco de ouro no Reino Unido, e xiras mundiais que os levaron a tódolos recunchos do planeta.

Capercaillie é o meirande expoñente da música Celta, caracterizándose pola súa particular fusión entre a cultura gaélica e o son contemporáneo, un traballo feito con naturalidade, con frescura. Unha traxectoria que se veu consolidando coa achega de innumerables premios, e, quizais, o que é máis importante, chegando os oídos e conquistando os corazóns de medio mundo.

MUTENROHI



Despois de pecha-lo ano 2008 coa súa intervención no Womex celebrado en Sevilla, 2.009 preséntase como un ano cheo de traballo para Mutenrohi.

Continúan coa presentación do seu sétimo disco "SETE", despois duns últimos anos moi intensos, coa publicación do seu disco décimo aniversario en directo "...e van dez" no ano 2.005, e despois coa xira conxunta con Cristina Pato nos anos 2.006 e 2.007, así como a gravación dun CD+DVD por título "Misturados".

A todo isto hai que engadirlle a súa xira polo Reino Unido o longo destes dous últimos anos, que os levou a tocar cos míticos Wolfstone en Escocia.

"Sete" representa a madurez da banda, e a tradición nun estilo totalmente definido que fai que cada canción soe a Mutenrohi.

Forza, enerxía, paixón e música de Galicia en estado puro.

O SONORO maxín



Comezar de novo e camiñar a modo, inventando o camiño...Esta é a consigna da que parte *O Sonoro Maxín* con convencemento.

Sabendo que a creatividade é imaxinación e que para crear hai que camiñar, cóntannos como todo ten unha onda sonora que nos fai mover e actuar con toda a

forza do corazón, unha onda que transmite directamente de peito a peito, sen intermediarios. Esa é a máquina sonora, a imaxinación sonora.

Neste afán de camiño continuo *O Sonoro Maxín* segue á procura dun baile sen fin, dunha máquina creativa que nos faga mover ao ritmo da onda que marca. E para iso apelan á verbena e á cumbia, a soberana absoluta das verbenas, que converte o torreiro da festa nun baile tropical, onde cada un manda na súa forma de bailar, onde cada uno inventa o seu propio baile. Esta máquina sonora, este camiñar imaxinativo vai dende a cumbia á rumba, dende o reggae ao ska, actualizando a verbena e traéndoa ate a fusión musical do s. XXI.

Volve a imaxinación, volve a máquina, volve a onda sonora que camiña sen fin... Bailar de novo, cantar de novo e sorrir de novo co *Sonoro Maxín*.

O Sonoro Maxín xorde quentiño no verán de 2007 a partir do reencontro de vellos amigos e coñecidos da música galega que formaban parte de proxectos como Lamatumbá, Cinnamon Gum, Mutenrohi ou The Pigmaliions.

Estréanse en Ourense, a súa cidade natal, o 30 de decembro e percorren durante o 2008 e 2009 toda a xeografía galega con máis de 100 concertos nos que puideron compartir escenario con grupos como Manu Chao & Radio Bemba Sound System, Shantel & Bucovina Club Orkestar, Tonino Carotone, Los Delinquentes, La TrobaKung-Fú ou Che Sudaka.

